

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Debido ao incremento de casos que deben ser cubertos polos servizos sociais en aplicación da Lei de Dependencia, e considerando a complexidade na prestación dos mesmos, resulta adecuado proceder á licitación do contrato dos servizos de axuda a domicilio neste Concello de Meis.

O procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, constitúe a forma idónea de adxudicación do contrato, dadas as características do servizo a prestar e o prezo do mesmo.

DISPOÑO:

Primeiro: Ordenar a incoación de expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, do servizo de “Axuda no fogar do Concello de Meis (Pontevedra)”.

Segundo: A emisión por parte da intervención xeral de informe de existencia de crédito, e fiscalización previa.

Terceiro: A emisión de informe técnico de condicións do servizo.

Cuarto: Que se informe pola secretaría sobre os trámites e actos preparatorios do devandito expediente de contratación, e se redacten os pregos de condicións particulares e de prescricións técnicas.

O Alcalde
Aso. José Luis Pérez Estévez

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE